

NÚMERO 14/18

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2018.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día dezanove de decembro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotel, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusou a súa ausencia o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión, a invitación da Presidencia a Corporación garda un minuto de silencio en memoria das vítimas do naufraxio acontecido no día de hoxe do barco pesqueiro “Sin Querer Dos”. Acto seguido iníciase o exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior nº 13/2018, de 29 de novembro de 2018.-

2º.- Aprobación da corrección de erros do proxecto de Cubrición da pista polideportiva en Mondego (Fase I).-

A concelleira delegada sra. Reimundez dá conta da proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa Xeral, de corrección de erros do proxecto de Cubrición da pista polideportiva en Mondego (Fase I), redactado pola Arquitecta María Morán Castillo, cun importe de execución por contrata de 148.225,88.- euros, incluído no Plan provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+2017 e aprobado en sesión plenaria de data 23-2-17, con posterior corrección de erros materiais mediante Decretos nº 633 e nº 744 de datas 21-4-17 e 5-5-17. O ditame da comisión considera necesario corrixir dito proxecto para a emenda de varios erros modificando as dimensións da pista actual para cumprir cos retranqueos definidos na normativa de aplicación, que non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.-

Debatido o asunto con intervención de D^a. Isabel Reimundez Suárez, D^a. Raquel Bolaño Fariñas e D. Ernesto Anido Varela, en harmonía co ditame da Comisión adóptase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do proxecto técnico de Cubrición da pista polideportiva en Mondego (Fase I), redactado pola Arquitecta María Morán Castillo e incluído no Plan provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+2017, modificación na que se recollen as emendas de erros materiais necesarias para a adecuación do proxecto á normativa de aplicación, sen variación do presuposto inicial de dito proxecto por importe de 148.225,88.- euros.-

3º.- Proposta da Alcaldía sobre participación no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2019.-

O concelleiro delegado sr. Tenreiro expón a proposta, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa Xeral, para inclusión de investimentos municipais e financiamento de pago a provedores e gasto corrente, no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2019.-

Debatido o asunto con intervención de D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D. José Emilio Gómez López, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez e do sr. Alcalde, en harmonía co ditame da Comisión adóptase por maioría, con sete votos a favor dos grupos Sadamaioría, PDSP e BNG e nove abstencións dos grupos PP e PSOE, o seguinte acordo:

1º.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2019” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2019”, “achega provincial 2018” e “préstamo provincial 2019”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0

Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	28.222,37	8.374,53	36.596,90
Subtotal pago a provedores	28.222,37	8.374,53	36.596,90

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	29000
Subtotal gasto corrente	29000

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Distribución auga Osedo-O Castro, DP 7502	54938,17	13017,23	67955,40
Mantemento e conservación de fachadas e cuberta e mellora eficiencia enerxética edificio OMX	50901,69	0	50901,69
Mellora pavimento Cº Peroureiro e punto limpo Vilar	61323,47	0	61323,47
Substitución redes principais, as súas acometidas, e pavimentación na rúa Lugrís Freire e en dous tramos da beirarrúa Avda Mariña	65777,01	20000	88777,01
Subtotal investimentos achega provincial 2019	235940,34	33017,23	268957,67

ACHEGA PROVINCIAL 2018 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Acondicionamiento pavimentos e instalacións rúas Fontán	140278,49	0	140278,49
Renovación de servizos no Tarabelo	114077,71	0	114077,71
Subtotal investimentos achega provincial 2018	254356,20	0	254356,20

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Reposición de pavimentos de beirarrúas e calzada do acceso ao Polígono Sada-Cambre	158957,07	0	158957,07
Pavimentación do Cº dos Agrelas, entre Pazos e Souto, parroquia de Carnoedo	40576,65	0	40576,65
Subtotal investimentos préstamo provincial 2019	199533,72	0	199533,72

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2019" aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2018			
	Achega 2019	36596,90		36596,90
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2019	29000		29000
C- INVERSIONES	Achega 2019	235940,34	33017,23	268957,57
	Achega 2018	250063,91	4292,29	254356,20
	Préstamo 2019	199533,72	0	199533,72

D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2019	0		0
TOTAL	Achega 2019	301537,24	33017,23	334554,47
	Achega 2018	250063,91	4292,29	254356,20
	Préstamo 2019	199533,72	0	199533,72
	TOTAL	751134,87	37309,52	788444,39

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Remodelación do parque infantil Urbanización das Brañas, Sada	218.404,03
TOTAIS	218.404,03

3º.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.-

4º.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal de 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.-

5º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.-

6º.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.-

7º.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

8º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do correspondente expediente.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html